

1. Identificación da programación
Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
27015311	A Pinguela	Monforte de Lemos	2022/2023

Ciclo formativo

Código da familia profesional	Familia profesional	Código do ciclo formativo	Ciclo formativo	Grao	Réxime
IMP	Imaxe persoal	CSIMP02	Estilismo e dirección de peiteado	Ciclos formativos de grao superior	Réxime de adultos

Módulo profesional e unidades formativas de menor duración (*)

Código MP/UF	Nome	Curso	Sesións semanais	Horas anuais	Sesións anuais
MP1069	Estilismo en peiteado	2022/2023	10	175	210
MP1069_12	Presentación e realización de estilismos	2022/2023	10	140	168
MP1069_22	Creación de novos estilos de imaxe	2022/2023	10	35	42

(*) No caso de que o módulo profesional estea organizado en unidades formativas de menor duración

Profesorado responsable

Profesorado asignado ao módulo	MARÍA REY RODRÍGUEZ
Outro profesorado	

Estado: Pendente de supervisión departamento

2. Concreción do currículo en relación coa súa adecuación ás características do ámbito produtivo

Proxecto de FP dual con empresas do sector de Imaxe Persoal no concello de Monforte de Lemos, no que se combinarán os procesos de ensino e aprendizaxe na empresa e no centro formativo do IES a PINGUELA.

Proxecto de FP dual coas empresas:

Aluma (Zote Peluqueros)

Manuel estilistas

Peluquería Córtes

Peluqueris Artelis

Peluquería Tamara

Alba Dobao

Peluqueria princress

Peluqueria E. Belon

Antoris

Alda Peluqueros

Peluquería zooo

Beauty Factory

Tito Senaz

Peluqueria Marian

Peluqueria Camilo

Xela beleza

Peluquería Dulce Ramos

nos que se combinarán os procesos de ensino e aprendizaxe na empresa e no centro formativo.

As persoas que obteñan o título de técnico superior en Estilismo e Dirección de Peiteado poderán exercer a súa actividade na dirección de procesos de peiteado en empresas dedicadas ao sector e en producións audiovisuais e escénicas, onde desenvolven tarefas individuais e en grupo nas áreas funcionais de deseño e innovación, organización e prestación de servizos, comercialización, loxística, calidade, prevención de riscos e xestión ambiental. Actúan por conta propia, cun alto grao de autonomía, asumindo labores de xestión e dirección, ou por conta allea, integrándose nun equipo de traballo con persoas de nivel de cualificación igual, inferior ou superior. As ocupacións e os postos de traballo máis salientables son os seguintes:

Director/ora técnico/a artístico/a en empresas de peiteado e en producións audiovisuais, escénicas e de moda.

Especialista en análise e tratamentos capilares.

Estilista.

Especialista en próteses capilares e postizaría.

Conselleiro/a avaliador/ora de empresas de peiteado.

Experto/a en coidados capilares en clientela con necesidades especiais.

Traballador/ora cualificado/a en clínicas capilares e centros de medicina e cirurxía estética.

3. Relación de unidades didácticas que a integran, que contribuirán ao desenvolvemento do módulo profesional, xunto coa secuencia e o tempo asignado para o desenvolvemento de cada unha

U.D.	Título	Descrición	Duración (sesións)	Peso (%)
1	Formación en empresa.	Formación curricular que se adquirirá na empresa.	60	15
2	Moda, estilo e tendencias	Diferencias e interrelacións entre moda, estilo e tendencias. Harmonía da cor. Liñas, formas e volumes que configuran un estilo.	10	5
3	Análise da imaxe estética integral	Características obxectivas e subxectivas que compoñen a imaxe persoal. Técnicas de psicomorfoloxía e visaxismo.	10	10
4	Deseño de propostas de cambios de imaxe a través do peiteado	Elaboración de deseños con ferramentas manuais e gráficas. Presentación da proposta.	10	5
5	Técnicas de corte para a creación de estilos	Elementos técnicos do corte. Estilos de corte feminino e masculino. Personalización dos estilos de corte.	53	25
6	Técnicas de estilismo masculino	Técnicas de deseño e configuración de barba, bigote e patillas.	15	10
7	Control de calidade e asesoramento	Avaliación do resultado final. Medidas correctoras das posibles desviacións. Pautas de asesoramento, mantemento e transformación do novo peiteado.	10	10
8	Formación en empresa.	Formación curricular que se adquirirá na empresa.	0	0
9	O proceso creativo para os estilos de imaxe	Deseño de estilos e dirección de procesos prácticos.	42	20

4. Por cada unidade didáctica

4.1.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
1	Formación en empresa.	60

4.1.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA2 - Adapta os estilos á imaxe persoal, tendo en conta a súa relación coa análise das características persoais, sociais e laborais, e coa moda.	NO
RA3 - Elabora e presenta propostas de cambio de imaxe a través do peiteado, utilizando documentación de apoio e aplicacións informáticas.	NO
RA4 - Realiza cambios de estilos, aplicando técnicas de corte do cabelo.	NO
RA5 - Realiza estilismos masculinos, aplicando técnicas de deseño e configuración de barba, bigote e patillas.	NO
RA6 - Avalía o resultado final, aplicando medidas que permitan corrir as desviacións.	NO
RA7 - Elabora programas de mantemento da nova imaxe, establecendo pautas de actuación.	SI

4.1.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA2.1 Aplicáronse técnicas de atención e recepción da clientela.
CA2.4 Identificáronse alteracións estéticas na zona.
CA2.5 Aplicáronse técnicas de psicomorfoloxía e visaxismo.
CA2.6 Identificouse o patrón estético de peiteado, maquillaxe, complementos e vestuario da persoa usuaria.
CA2.10 Personalizouse o estilo no cabelo en función das necesidades da clientela.
CA3.1 Determinouse a estrutura da proposta personalizada, segundo demandas e/ou necesidades, para o tipo de acontecemento, acto ou evento.
CA3.7 Aplicáronse técnicas de comunicación para a presentación da proposta.
CA3.8 Utilizáronse sistemas de arquivo da documentación.
CA4.1 Aplicáronse técnicas de atención e recepción da clientela.
CA4.3 Seleccionáronse os medios técnicos, os utensilios e as ferramentas necesarias para o corte de cabelo.
CA4.4 Determinouse a necesidade de material dun só uso.
CA4.5 Aplicáronse pautas para a utilización, o mantemento, a hixiene, a desinfección e/ou a esterilización dos materiais e dos utensilios cortantes.
CA4.6 Establecéronse as pautas de hixiene capilar.
CA4.8 Relacionouse o estilo de corte coas características persoais e do cabelo.
CA4.15 Realizáronse diferentes estilos de corte de cabelo, empregando as técnicas segundo o protocolo establecido.

Criterios de avaliación
CA4.16 Avaliouse o resultado final.
CA5.1 Aplicáronse técnicas de atención e recepción da clientela.
CA5.2 Establecéronse as medidas de seguridade e hixiene do persoal profesional e da clientela.
CA5.3 Seleccionáronse medios técnicos, ferramentas e utensilios necesarios para o estilismo masculino.
CA5.4 Determinouse a necesidade de material dun só uso.
CA5.5 Aplicáronse pautas para utilización, mantemento, hixiene, desinfección e/ou esterilización dos materiais e dos utensilios cortantes.
CA5.6 Aplicáronse técnicas previas e cosmética para rasurado e acabamento.
CA5.7 Aplicáronse técnicas de masaxe facial.
CA5.9 Aplicáronse técnicas de visaxismo para o estudo do rostro
CA5.13 Propuxéronse cambios de imaxe do rostro masculino mediante a transformación de barba, bigote e patillas.
CA5.14 Aplicáronse técnicas para descarga e delimitación do contorno da barba, o bigote e as patillas.
CA5.16 Elimináronse adecuadamente os residuos xerados.
CA6.1 Aplicáronse medidas correctoras a posibles desviacións do obxectivo.
CA6.5 Avaliouse o grao de satisfacción da clientela.
CA6.6 Resolvéronse os problemas presentados no desenvolvemento da actividade.
CA7.1 Especificouse a secuencia e a temporalización para o mantemento persoal do traballo técnico realizado.
CA7.2 Identificáronse pautas de hixiene e mantemento persoal do cabelo.
CA7.3 Aplicáronse criterios de selección e utilización de cosmética de mantemento.
CA7.4 Aplicáronse pautas de mantemento e transformación do peiteado.
CA7.5 Estableceuse pautas de asesoramento sobre tratamentos asociados.
CA7.6 Establecéronse pautas para colaboración e coordinación con diferentes profesionais.
CA7.7 Establecéronse medidas de adecuación da nova imaxe á evolución persoal e/ou profesional.

4.1.e) Contidos

Contidos
Atención e recepción da clientela.
Análise das características persoais.
Análise da pel e o cabelo. Características e condicións do cabelo.

Contidos

Análise morfolóxica facial e corporal. Identificación de trazos físicos. Puntos antropométricos de referencia.

Análise de patróns habituais de peiteado, maquillaxe, complementos, vestuario, movemento e expresión.

Proposta personalizada: definición e estrutura. Tipos de propostas segundo as necesidades: cotiás, en actos, eventos, etc. Documentación técnica anexa. Orzamentos. Planificación de accións: calendario de actuación.

Presentación da proposta: aplicación de técnicas de comunicación para a presentación da proposta. Procesamento e arquivo da información: documentación dixital e impresa.

Atención e recepción da clientela.

Medios técnicos, utensilios e ferramentas para o corte de cabelo.

Hixiene e acondicionamento capilar.

Configuración do corte para o cambio de estilo. Coordinación con técnicas asociadas: corte e cor; precorte, forma e cor; corte, forma e cor. Selección da técnica para a realización: utensilios, orde e formas de execución. Vantaxes e inconvenientes dos métodos.

Atención e recepción da clientela.

Gestión de residuos.

Normas de seguridade e hixiene. Ergonomía e hixiene postural. Lenzaría e utensilios auxiliares.

Medios técnicos, utensilios e ferramentas para estilismos masculinos

Hixiene e acondicionamento capilar e/ou facial.

Masaxe facial asociada ao estilismo masculino.

Deseño de barba, o bigote e as patillas. Aplicación de técnicas de visaxismo e psicomorfoloxía do rostro. Corrección estética. Deseño de estilos a través de bosquejos.

Técnica de descarga e delimitación do contorno de barba, o bigote e as patillas. Pautas para a realización (corte, rasurado e depilación). Acabamentos de fantasía e innovadores a través de patróns, de barba, patillas e cellas. Procedemento de execución.

Medidas de corrección de desviacións nos resultados obtidos.

Calidade nos servizos de estilismo. Avaliación e control de calidade.

Desviacións na prestación dos servizos. Resolución de queixas.

Pautas para a elaboración dos programas de mantemento e o plan de actuación. Criterios de selección e utilización cosmética de mantemento. Pautas de mantemento e transformación do peiteado.

Asesoramento sobre outros tratamentos. Pautas para a colaboración e coordinación con diferentes profesionais.

Medidas de adecuación da nova imaxe, coa evolución persoal e/ou profesional.

4.2.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
2	Moda, estilo e tendencias	10

4.2.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA1 - Caracteriza os estilos de imaxe asociados aos cambios do cabelo, analizando os elementos que o conforman.	SI

4.2.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA1.1 Diferenciáronse os conceptos de estilo, moda e tendencias.
CA1.2 Caracterizáronse os elementos que definen o estilo en peiteado.
CA1.3 Determináronse as características e a harmonía da cor.
CA1.4 Caracterizáronse as liñas, as formas e os volumes que configuran un estilo.
CA1.5 Identificáronse os tipos de complementos para estilismos de imaxe, asociados aos cambios do cabelo.
CA1.6 Identificáronse os estilos de imaxe asociados aos cambios do cabelo.
CA1.7 Elaboráronse pautas para a elaboración de manuais e books de estilos, con distintas linguaxes (fotográfica, cor, ilustración, etc.).
CA1.8 Establecéronse criterios de clasificación e arquivo da documentación sobre patróns estéticos.

4.2.e) Contidos

Contidos
<p>Concepto de estilo, modas e tendencias. Definicións segundo a autoría. Contextualización e antecedentes.</p> <p>Elementos que definen o estilo de imaxe asociados aos cambios do cabelo: A cor: características e harmonía. Clasificación: gama (cálidas e frías), luminosidade (claras, medias e escuras), ton (monocolor, bicolor e multicolor) e intensidade (baixa ou pálida).</p> <p>Clasificación de estilos de imaxe: estilo creativo e dirixido.</p> <p>Manual de estilos. Pautas para a elaboración dun book de estilos. Linguaxes para o manual de estilos: fotográfica, ilustración, tipográfica, cor, etc.</p> <p>Base de información de patróns estéticos. Clasificación e arquivos dos datos.</p>

4.3.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
3	Análise da imaxe estética integral	10

4.3.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA2 - Adapta os estilos á imaxe persoal, tendo en conta a súa relación coa análise das características persoais, sociais e laborais, e coa moda.	SI

4.3.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA2.1 Aplicáronse técnicas de atención e recepción da clientela.
CA2.2 Elaborouse a documentación técnica necesaria para o estudo da imaxe da clientela.
CA2.3 Determináronse pautas para a análise das características físicas e morfolóxicas da persoa usuaria.
CA2.4 Identificáronse alteracións estéticas na zona.
CA2.5 Aplicáronse técnicas de psicomorfoloxía e visaxismo.
CA2.6 Identificouse o patrón estético de peiteado, maquillaxe, complementos e vestuario da persoa usuaria.
CA2.7 Estableceuse o procedemento para detectar as necesidades persoais, sociolaborais ou artísticas na creación da imaxe personalizada.
CA2.8 Diferenciouse o tipo de cambio (puntual ou definitivo), segundo o ámbito de aplicación.
CA2.9 Establecéronse criterios para potenciar, neutralizar ou modificar a imaxe a través de estilos de peiteado.
CA2.10 Personalizouse o estilo no cabelo en función das necesidades da clientela.

4.3.e) Contidos

Contidos
Atención e recepción da clientela.
Documentación técnica para o estudo da imaxe. Ficha técnica.
Análise das características persoais.
Análise da pel e o cabelo. Características e condicións do cabelo.
Análise morfolóxica facial e corporal. Identificación de trazos físicos. Puntos antropométricos de referencia.
Análise de patróns habituais de peiteado, maquillaxe, complementos, vestuario, movemento e expresión.
Determinación das necesidades sociolaborais, persoais, artísticas, etc.
Identificación e proxección da imaxe. Ámbito de aplicación. Cambio puntual, para evento, definitivo, empresarial, artístico e social
Creación de identidade de imaxe personalizada. Calidades da imaxe. Pautas para potenciar, neutralizar e modificar a imaxe persoal. Nivel de concreción de estilo no cabelo.

4.4.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
4	Deseño de propostas de cambios de imaxe a través do peiteado	10

4.4.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA3 - Elabora e presenta propostas de cambio de imaxe a través do peiteado, utilizando documentación de apoio e aplicacións informáticas.	SI

4.4.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA3.1 Determinouse a estrutura da proposta personalizada, segundo demandas e/ou necesidades, para o tipo de acontecemento, acto ou evento.
CA3.2 Realizáronse propostas de peiteado.
CA3.3 Especificáronse características da documentación técnica anexa á proposta.
CA3.4 Determináronse pautas para a elaboración do orzamento.
CA3.5 Estableceuse a secuencia dos procesos para o cambio de imaxe.
CA3.6 Aplicáronse ferramentas manuais, gráficas e informáticas para a elaboración de deseños.
CA3.7 Aplicáronse técnicas de comunicación para a presentación da proposta.
CA3.8 Utilizáronse sistemas de arquivo da documentación.

4.4.e) Contidos

Contidos
Proposta personalizada: definición e estrutura. Tipos de propostas segundo as necesidades: cotiás, en actos, eventos, etc. Documentación técnica anexa. Orzamentos. Planificación de accións: calendario de actuación.
Deseños gráficos e audiovisuais. Aplicación de ferramentas manuais, gráficas e informáticas. Editor de textos e de imaxes dixitais, navegador web, diagramas e editor de presentacións.
Presentación da proposta: aplicación de técnicas de comunicación para a presentación da proposta. Procesamento e arquivo da información: documentación dixital e impresa.

4.5.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
5	Técnicas de corte para a creación de estilos	53

4.5.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA4 - Realiza cambios de estilos, aplicando técnicas de corte do cabelo.	SI

4.5.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA4.1 Aplicáronse técnicas de atención e recepción da clientela.
CA4.2 Establecéronse as medidas de seguridade e hixiene do persoal profesional e da clientela.
CA4.3 Seleccionáronse os medios técnicos, os utensilios e as ferramentas necesarias para o corte de cabelo.
CA4.4 Determinouse a necesidade de material dun só uso.
CA4.5 Aplicáronse pautas para a utilización, o mantemento, a hixiene, a desinfección e/ou a esterilización dos materiais e dos utensilios cortantes.
CA4.6 Establecéronse as pautas de hixiene capilar.
CA4.7 Caracterizáronse os estilos de corte e a súa influencia na imaxe persoal.
CA4.8 Relacionouse o estilo de corte coas características persoais e do cabelo.
CA4.9 Identificáronse estilos de corte en función da súa configuración ou da súa xeometría.
CA4.10 Relacionouse a forma de realización cos efectos conseguidos.
CA4.11 Establecéronse os parámetros que inflúen na realización do corte de cabelo.
CA4.12 Xustificouse a elección da técnica de corte.
CA4.13 Establecéronse os criterios de integración e secuencia das técnicas de peiteado (cor e forma) co corte.
CA4.14 Aplicáronse medidas e proporcións para a configuración do corte.
CA4.15 Realizáronse diferentes estilos de corte de cabelo, empregando as técnicas segundo o protocolo establecido.
CA4.16 Avaliouse o resultado final.

4.5.e) Contidos

Contidos
Atención e recepción da clientela.
Normas de seguridade e hixiene. Ergonomía e hixiene postural. Lenzaría e utensilios auxiliares para o corte.
Medios técnicos, utensilios e ferramentas para o corte de cabelo.

Contidos

Hixiene e acondicionamento capilar.

Influencia do estilo de corte na imaxe persoal segundo a idade, a raza, o sexo, a profesión e o estilo persoal.

Clasificación dos estilos de corte: pola súa configuración ou xeometría, pola técnica empregada, polos efectos conseguidos, por épocas ou evolución histórica, por correntes urbanas, etc.

Parámetros para a realización do corte de cabelo: seccións, posición da cabeza e dos dedos, liñas e mecha guía. Patrón de lonxitude, dirección e tipo da mecha ou mechas guía (fixa ou móbil). Ángulo de proxección ou inclinación. Contornos.

Técnica de corte. Procedemento, fases e pautas de aplicación. Segundo a ferramenta empregada: con tesoiras, con navallas, con máquinas e combinadas. Segundo a técnica empregada: corte compacto, en capas, corte universal, etc. Técnicas de acabamento en se

Configuración do corte para o cambio de estilo. Coordinación con técnicas asociadas: corte e cor; precorte, forma e cor; corte, forma e cor. Selección da técnica para a realización: utensilios, orde e formas de execución. Vantaxes e inconvenientes dos métodos

4.6.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
6	Técnicas de estilismo masculino	15

4.6.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA5 - Realiza estilismos masculinos, aplicando técnicas de deseño e configuración de barba, bigote e patillas.	SI

4.6.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA5.1 Aplicáronse técnicas de atención e recepción da clientela.
CA5.2 Establecéronse as medidas de seguridade e hixiene do persoal profesional e da clientela.
CA5.3 Seleccionáronse medios técnicos, ferramentas e utensilios necesarios para o estilismo masculino.
CA5.4 Determinouse a necesidade de material dun só uso.
CA5.5 Aplicáronse pautas para utilización, mantemento, hixiene, desinfección e/ou esterilización dos materiais e dos utensilios cortantes.
CA5.6 Aplicáronse técnicas previas e cosmética para rasurado e acabado.
CA5.7 Aplicáronse técnicas de masaxe facial.
CA5.8 Determináronse estilos de barba, bigote e patillas.
CA5.9 Aplicáronse técnicas de visaxismo para o estudo do rostro
CA5.10 Recoñeceuse como elemento diferenciador masculino o estilismo de barba, do bigote e das patillas.
CA5.11 Determináronse as correccións das desproporcións estéticas no rostro a través da barba, o bigote e as patillas.
CA5.12 Deseñáronse bosquejos con estilismos de barba, bigote e patillas.
CA5.13 Propuxéronse cambios de imaxe do rostro masculino mediante a transformación de barba, bigote e patillas.
CA5.14 Aplicáronse técnicas para descarga e delimitación do contorno da barba, o bigote e as patillas.
CA5.15 Deseñáronse estilismos masculinos innovadores.
CA5.16 Elimináronse adecuadamente os residuos xerados.

4.6.e) Contidos

Contidos
Atención e recepción da clientela.
Gestión de residuos.
Normas de seguridade e hixiene. Ergonomía e hixiene postural. Lenzaría e utensilios auxiliares.

Contidos

Medios técnicos, utensilios e ferramentas para estilismos masculinos

Hixiene e acondicionamento capilar e/ou facial.

Masaxe facial asociada ao estilismo masculino.

Clasificación dos estilos de barba, bigote e patillas: descrición e características.

Evolución do canon de beleza masculino. Influencia da barba, o bigote e as patillas na imaxe persoal.

Deseño de barba, o bigote e as patillas. Aplicación de técnicas de visaxismo e psicomorforloxía do rostro. Corrección estética. Deseño de estilos a través de bosquejos.

Técnica de descarga e delimitación do contorno de barba, o bigote e as patillas. Pautas para a realización (corte, rasurado e depilación). Acabamentos de fantasía e innovadores a través de patróns, de barba, patillas e cellas. Procedemento de execución.

4.7.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
7	Control de calidade e asesoramento	10

4.7.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA6 - Avalía o resultado final, aplicando medidas que permitan corrixir as desviacións.	SI
RA7 - Elabora programas de mantemento da nova imaxe, establecendo pautas de actuación.	SI

4.7.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA6.1 Aplicáronse medidas correctoras a posibles desviacións do obxectivo.
CA6.2 Identifícanse os indicadores de calidade nos procesos de estilismo.
CA6.3 Utilizouse a linguaxe técnica adecuada ao nivel e ao persoal.
CA6.4 Verificouse o grao de cumprimento dos protocolos establecidos.
CA6.5 Avaliouse o grao de satisfacción da clientela.
CA6.6 Resolvéronse os problemas presentados no desenvolvemento da actividade.
CA6.7 Formuláronse medidas de actuación en caso de emerxencias por irritacións, alerxias ou cortes.
CA7.1 Especificouse a secuencia e a temporalización para o mantemento persoal do traballo técnico realizado.
CA7.2 Identifícanse pautas de hixiene e mantemento persoal do cabelo.
CA7.3 Aplicáronse criterios de selección e utilización de cosmética de mantemento.
CA7.4 Aplicáronse pautas de mantemento e transformación do peiteado.
CA7.5 Estableceuse pautas de asesoramento sobre tratamentos asociados.
CA7.6 Establecéronse pautas para colaboración e coordinación con diferentes profesionais.
CA7.7 Establecéronse medidas de adecuación da nova imaxe á evolución persoal e/ou profesional.

4.7.e) Contidos

Contidos
Medidas de corrección de desviacións nos resultados obtidos.
Calidade nos servizos de estilismo. Avaliación e control de calidade.
Desviacións na prestación dos servizos. Resolución de queixas.
Medidas de actuación en caso de emerxencias por irritacións, alerxias ou cortes.

Contidos

Pautas para a elaboración dos programas de mantemento e o plan de actuación. Criterios de selección e utilización cosmética de mantemento. Pautas de mantemento e transformación do peiteado.

Asesoramento sobre outros tratamentos. Pautas para a colaboración e coordinación con diferentes profesionais.

Medidas de adecuación da nova imaxe, coa evolución persoal e/ou profesional.

4.8.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
8	Formación en empresa.	0

4.9.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
9	O proceso creativo para os estilos de imaxe	42

4.9.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA1 - Crea estilos de imaxe a través de técnicas de peiteado, describindo as fases para a elaboración do novo deseño.	SI

4.9.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA1.1 Caracterizáronse procedementos e metodoloxía para a creación de estilos de peiteado.
CA1.2 Establecéronse pautas de planificación e secuencia do proceso.
CA1.3 Interpretáronse patróns de moda e publicacións.
CA1.4 Identifícanse como elementos do novo estilo os símbolos, as cores, as liñas, as formas e os volumes.
CA1.5 Realizáronse esbozos ou bosquejos da creación.
CA1.6 Avaliouse a viabilidade do proxecto.
CA1.7 Determináronse as características técnicas da creación do novo estilo.
CA1.8 Identifícanse pautas para a realización do estudo artístico.
CA1.9 Determináronse os elementos que forman parte do estudo técnico.
CA1.10 Determináronse pautas para a selección de modelos, realización de casting, arquivos e utilización de datos.
CA1.11 Establecéronse xeitos e lugares de presentación e difusión do prototipo de novo estilo.

4.9.e) Contidos

Contidos
<p>Procedemento de creación de novos estilos de peiteado. Creatividade, intuición e reflexión: a súa interrelación. Idea, concepto e proceso creativo.</p> <p>Metodoloxías de creación. Creación en paneis de inspiración ou mood boards. Planificación e secuencia. Investigación como base da inspiración e da realización. Interpretación de patróns de moda e publicacións. Esbozos ou bosquejos da creación. Avaliación</p> <p>Características técnicas da creación. Estudo artístico: contextualización e antecedentes, características do novo estilo e calidades que hai que transmitir. Estudo técnico: determinación de procesos e materiais; complementos ao deseño.</p> <p>Presentación da colección de deseños. Creación do manual do novo deseño. Lugares de presentación (pasarelas, feiras, casas comerciais, revistas, obradoiros, showrooms e outros eventos de moda). Selección de modelos. Pautas para a realización de castings.</p> <p>Xeitos de difusión do prototipo. Técnicas de márketing para estilismo (páxinas web, publicacións, layouts creativos, etc).</p>

5. Mínimos exigibles para alcanzar a avaliación positiva e os criterios de cualificación

MÍNIMOS ESIXIBLES

Diferenciar os conceptos de estilo, moda e tendencias.

Determinar as características de harmonía da cor.

Caracterizar as liñas, as formas e volumes que configuran un estilo.

Identificar e seleccionar os tipos de complementos para estilismos de imaxe, asociados aos cambios de cabelo.

Aplicar técnicas de atención e recepción da clientela.

Elaborar a documentación técnica para o estudo da imaxe.

Elaborar propostas de imaxe personalizadas, segundo demandas e necesidades.

Describir, seleccionar, preparar e manipular correctamente os cosméticos, útiles e equipamentos empregados nos procesos de corte do cabelo, rasurado e arranxo de barba e bigote .

Preparar e protexer o/a profesional e o/a cliente para os diferentes servizos.

Aplicar as técnicas de mantemento, desinfección e esterilización das instalacións e útiles empregados no proceso.

Preparar o cabelo e/ou a pel para todos os procesos de corte do cabelo, rasurado e arranxo de barba e bigote.

Executar os distintos estilos de corte, axeitados ó tipo morfolóxico do/a modelo e o peiteado e acabado correspondente.

Realizar o arranxo de barba e bigote.

Crear diferentes estilos de imaxe a través das diferentes técnicas de peiteado.

Avaliar o resultado final, aplicando medidas que permitan corrixir as desviacións.

Asesorar a clientela sobre o mantemento da nova imaxe.

CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN

Nesta programación, todo o proceso de avaliación cuantificarase mediante un número enteiro sen decimais do 1 o 10 que englobará a suma das puntuacións ponderadas obtidas na avaliación .

O baremo das diferentes actividades será o seguinte:

proba escrita 20%

Proba práctica 40%

traballo en aula 30%.

Actitude 10%

Tratamento dos decimais

A cualificación dunha avaliación sempre se fará mediante un número enteiro, motivo polo que os decimais resultantes se redondearán á alza ou á baixa ó enteiro mais próximo; se equidistara de dous enteiros consecutivos, redondearase ó superior.

INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN:

Proba Práctica: Táboa de indicadores de observación, táboa de indicadores para produtos, rúbrica de traballos de exposición oral.

Proba escrita: Probas escritas + exercicios resoltos.

APARTADO DE ACTITUDES: Para a cualificación de este apartado utilizarase unha "Táboa de valoración de actitude". Nesta táboa anotarase a data da falta e a tipoloxía segundo a nomenclatura adxudicada. Cada falta de actitude restará 1 punto da nota final, o chegar a 10 faltas ó alumno/a acadará a puntuación de 0 neste apartado.

A tipoloxía das faltas que descuentan neste apartado é a seguinte:

USA O MOVIL NAS HORAS LECTIVAS :A / NON TROUXO O MATERIAL: B / NON TROUXO O UNIFORME: C / NON TEN LIMPIO OU DESINFECTOU O MATERIAL: D / NON RECOLLE LIMPIA A SÚA ZONA DE TRABALLO: E / NON REALIZA A LIMPEZA DE TALLER SEMANAL: F /NON É RESPETUOSO COS CLIENTES, COMPAÑEIROS OU MESTRE: G / NON TEN ACTITUDE POSITIVA CARA O APRENDIZAXE: H / NON REALIZA AS ACTIVIDADES: I / NON ENTREGA AS TAREFAS: J / NON COLABORA NAS ACTIVIDADES DE GRUPO: K / NON COIDA O MATERIAL DE CLASE OU AS INSTALACIÓNS: L

ACLARACIÓNS:

- Será condición indispensable, para a recollida e suma de porcentaxes da nota da avaliación, alcanzar como mínimo a cualificación do 5, tanto na proba escrita coma nos traballos prácticos e a actitude.

- E obrigatorio realizar os traballos mínimos determinados polo profesor en cada avaliación, así como a necesidade, se fose preciso, de traer modelos reais ou no seu defecto bonecas ,para a realización de ditos traballos. Os alumnos teñen que posuir o seu propio material, limpo e desinfectado, en orden, e en perfecto estado, aspecto que repercutirá na nota final.

- Asistencia a clase será obrigatoria, segundo se recolle na lexislación, así como a realización das prácticas programadas.

- Caso de non presentarse a un exame ou proba: Se un alumno/a non se presenta (sen causa xustificada) a unha proba ou exame obterá como cualificación na mesma un cero. Esta proba (teórica ou práctica)so se lle repetirá no caso de enfermidade sobrevenida e con xustificante médico.

- Caso de non presentar en prazo un traballo : Se un alumno/a nunha avaliación non presenta un traballo no prazo establecido, a cualificación será un cero. En todo caso, e aínda que a cualificación do traballo non é recuperable, a súa entrega será condición imprescindible antes da avaliación para poder aprobar. De non entregalo, suspenderá a avaliación e a entrega do traballo será requisito indispensable para recuperala.

6. Procedemento para a recuperación das partes non superadas

6.a) Procedemento para definir as actividades de recuperación

Este procedemento está dirixido ó alumnado que non alcanzou unha avaliación positiva global (o módulo no seu conxunto) ou parcial (de unha ou varias unidades didácticas). A non consecución das metas propostas, expresa, dalgunha maneira, o fracaso do proceso de ensino-aprendizaxe. En consecuencia, é importante facer un bo diagnóstico da causa do mesmo para poder afrontar, de novo, este proceso con éxito.

Este proceso de recuperación ha de propiciar aprender máis ou mellor e por tanto estarán implicados nel tanto o profesorado como o alumnado.

Incluiremos accións de dúas naturezas:

Por parte do profesorado: analizar as causas do resultado; achegar información ao ou á interesada sobre aqueles aspectos nos que non se conseguiu a aprendizaxe prevista, así como as pautas de mellora; axudar ao alumnado a que consiga mellorar o seu rendemento preparando para iso tarefas de reforzo; preparar algunha tarefa ou proba na que cada alumno ou alumna mostre a súa nova aprendizaxe.

Por parte do alumnado: analizar o seu insuficiente rendemento e as causas diso mediante tarefas de autoavaliación; aumentar o esforzo persoal; dedicar máis tempo ao estudo; repetir algunha tarefa; refacer de novo exercicios; superar algunha proba.

ACTIVIDADES DE RECUPERACIÓN

Recuperación parcial, por avaliación: As recuperacións terán carácter personalizado polo que cada alumno/a fará actividades de natureza diferente segundo o fallo ou a carencia diagnosticada no alumno ou a alumna e deberán ser, necesariamente, adaptadas a cada caso. Estas actividades de recuperación serán tarefas de reforzo (teóricas ou prácticas), coas cales o/a alumno/a demostre os seus coñecementos, e o seu

desenvolvemento será ao longo da seguinte avaliación.

Recuperación global, final: Durante o último trimestre, realizaranse actividades de recuperación que incluírán tamén probas prácticas ou escritas das partes non superadas, a temporalización e os contidos a superar virán desagregados e especificados no informe final individualizado que se lle entrega ó alumno/a despois da segunda e última avaliación.

6.b) Procedemento para definir a proba de avaliación extraordinaria para o alumnado con perda de dereito a avaliación continua

Non procede: non se prevé que curse ciclos formativos na modalidade dual alumnado que non asista ás actividades do ciclo en tal medida que puidese orixinar a súa perda do dereito á avaliación continua.

7. Procedemento sobre o seguimento da programación e a avaliación da propia práctica docente

A presente programación avaliarase mediante o procedemento establecido polo control do sistema de calidade establecido no centro. Dito control realizarase principalmente por medio do cumprimento dos seguintes documentos:

- Actividades de aula desenvolvidas, que recolle a información sistemática sobre as actividades docentes realizadas polo profesor e emitida polo mesmo, para realizar un autocontrol de ditas actividades.
- Recollida de datos para a xunta de avaliación, que recolle as conformidades/non conformidades e as actuacións derivadas das non conformidades referentes ó alumnado (suspensos) e cumprimento da programación.
- Memoria fin de curso, na que entre outros temas, se tratará a porcentaxe da programación impartida, a realización de modificacións na mesma e as propostas de mellora para o seguinte curso académico.
- Ademais, en reunión de departamento ó longo do curso, realizarase o seguimento e control da programación, tomando as medidas oportunas se é o caso.

8. Medidas de atención á diversidade

8.a) Procedemento para a realización da avaliación inicial

A avaliación inicial realizarase conforme o procedemento establecido polo control do sistema de calidade do centro.

Fundamental para coñecer a situación do/a alumno/a ao comezo do curso. Utilizaranse varias estratexias para a recollida de información

1. Farase unha enquisa na que se combinen unha serie de preguntas sobre:

Os estudos cursados anteriormente.

A situación laboral do alumno/a.

Datos de relevancia persoal.

2. Probas prácticas curtas e teóricas: a tipoloxía de estas probas estarán baseadas nas técnicas de estilismo en peiteados (técnicas de corte feminino e masculino), conceptos previos necesarios para o desenrolo da parte práctica do módulo.

Os resultados obtidos polo alumnado nesta proba servirán para establecer o punto no que se atopa cada alumno/a con respecto á materia, as actitudes e as destrezas e constituirán unha fonte de información que axudará a axustar e adecuar a metodoloxía de traballo a cada caso particular. Tamén servirán, mediante unha comparativa cos resultados finais, para rexistrar a evolución do alumno/a.

Ao comezo do ciclo formativo, o equipo docente realizara unha sesión de avaliación inicial do alumnado, que terá por obxecto coñecer as características e a formación previa de cada alumno/a, así como as súas capacidades. Nesta sesión recollerase a información dispoñible sobre as características xerais do grupo e tamén acerca das circunstancias especificamente académicas ou persoais con incidencia educativa, dos/as alumnos/as. Esta avaliación en ningún caso levará consigo cualificación para o alumnado.

8.b) Medidas de reforzo educativo para o alumnado que non responda globalmente aos obxectivos programados

As medidas que se utilizarán serán de dous tipos:

Ordinarias:

Tarefas de reforzo e ampliación: En función da asimilación ou non dos obxectivos propostos, deseñaranse e realizaranse en cada unidade unha serie de tarefas de reforzo para aqueles alumnos/as que amosen dificultades na consecución das metas propostas, pola contra tamén se deseñarán actividades de ampliación para aqueles alumnos/as que superan o nivel medio do grupo e alcanzan sobradamente os obxectivos da unidade.

Traballo cooperativo en grupos heteroxéneos: Para traballar as tarefas de desenvolvemento e aprendizaxe utilizaremos as veces o pequeno grupo, o que posibilita o reforzo para alumnos/as con ritmo máis lento e a ampliación para alumnos/as con ritmo máis rápido. É moi importante ter en conta que en algunhas tarefas nos interesará que o grupo sexa homoxéneo e en outras non. É máis, as diferencias nos grupos provocarémolas para alcanzar obxectivos como a integración, mellora da tarefa, reforzos de terminados de alumnos/as.

Traballo guiado e supervisado: Seguimento máis de preto do profesor co alumnado con dificultades para acadar os obxectivos.

Extraordinarias: para aqueles alumnos/as que aínda cas medidas ordinarias non acaden as metas e non avancen no seu aprendizaxe.

Adaptacións curriculares na materia.

Coordinación co orientador/a do centro.

9. Aspectos transversais

9.a) Programación da educación en valores

Os temas transversais se conciben como un conxunto de contidos que interactúan en todos os módulos do currículo escolar e o seu desenvolvemento afecta a globalidade do mesmo. Deben impregnar a actividade docente e estar presentes no aula de forma permanente, xa que se refiren a problemas e preocupacións fundamentais da sociedade, relacionando ós estudantes co seu entorno inmediato e real, motivando así o seu aprendizaxe.

Forma en que se traballaran os temas transversais no aula:

Educación moral e cívica, educación multicultural, educación para a igualdade de oportunidade de sexos:

Se traballará a través das tarefas e coidarase o uso do linguaxe, e revisaranse os textos e as ilustracións para que non conteñan elemento algún que poida atender contra a igualdade, a tolerancia ou calquera dos dereitos humanos.

En todas as actividades colectivas se valorarán positivamente a participación, o respecto das regras a seguir así como o desenvolvemento de actitudes abertas cara ás opinións dos demais.

Avaliarase ós alumno e ás alumnas con xustiza, establecendo unha relación razoable entre o que se explica e o que se esixe, trataranse en clase con consideración, axudaráselles nas dificultades co módulo, así como, nos problemas importantes que poidan condicionar o seu aprendizaxe; transmitindo así ós alumnos/as valores positivos.

Espertar o interese por coñecer outras culturas diferentes coas súas crenzas, institución e técnicas. Desenvolver actitudes de respecto e colaboración con grupos culturalmente minoritarios.

Educación ambiental, educación para o consumo:

Informarase e aconsellarase sobre o consumo e a utilización de produtos e materiais que non agridan o medioambiente ou no seu defecto sobre os menos nocivos.

Exporanse propostas de tratamento e clasificación de envases e desfeitos para facilitar o seu posterior reciclaxe.

Educación para a saúde:

Insistindo na adquisición de hábitos de hixiene corporal.

A través do estudo das posturas ergonómicas e a realización de exercicios físicos de prevención de problemas osteomusculares.

Traballando e insistindo na importancia dos protocolos de limpeza, desinfección e esterilización.

9.b) Actividades complementarias e extraescolares

ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS

Son aquelas actividades que complementan de maneira significativa as áreas curriculares establecidas no Proxecto Curricular de Centro.

Os obxectivos para conseguir deben coincidir cos obxectivos propostos a nivel de aula.

Os contidos deberán estar en consonancia cos propios de cada área.

O desenvolvemento destas actividades supón a presenza e coordinación do profesor / titor do grupo / aula, xa que o desenvolvemento do taller debe complementar a actividade curricular que se está realizando.

As actividades complementarias que se desenvolven no centro, entre elas:

Actividades de caracterización de personaxes para samaín, entroido, etc.

Participación na caracterización, peiteado e maquillaxe de actuacións do grupo de teatro do IES A Pinguela.

Mostras de FP, en colaboración con outros institutos do val de Lemos.

Formación externa de casas comerciais sobre as últimas técnicas en coloración, cambios de forma permanente, corte, unllas, extensións, etc.

Xornadas de peiteado en residencias da 3º idade e AFAMON (asociación de familiares de enfermos de alzhéimer e outras demencias)

ACTIVIDADES EXTRAESCOLARES

Son aquelas que se desenvolven fóra do horario lectivo, e poderanse situar nos períodos de comedor ou ao termo das clases.

Son actividades que polo seu desenvolvemento non se consideran imprescindibles para a formación mínima que han de recibir os/as alumnos/as.

Caracterízanse polo seu carácter voluntario, polo que ningún alumno/a pode ser obrigado a asistir ao desenvolvemento das mesmas.

Non forman parte do proceso de avaliación polo que pasan os/as alumnos/as para a superación dos distintos ensinos que integran os plans de estudo.

Ó longo do curso o departamento programará actividades extraescolares:

Visitas a exposicións, feiras, congresos etc. de tipo profesional e cultural.

Participación no Galiciaskills, campionato galego da formación profesional.

10.Outros apartados

10.1) Ensinanza a distancia.

Ante una situación de enfermidade ou calquera motivo no cal o alumno/a non pudiera asistir a clase sempre pon causas justificadas, porase a disposición do alumnado material impreso e audiovisual necesario a través da aula virtual ,whatsapp ou entrega directa no ies .tamen se porá a disposición do alumnado o material necesario para a realización dos exercicios prácticos ,sendo necesario firmar un impreso no que indique o material prestado ,así como un depósito económico que lle será devolto no momento de reintegrar o material en bo estado.



A comunicación co profesor /alumn@ será preferentemente pola aula virtual.

O criterio de cualificación e mínimos exixibles ,serán os previsto no apartado 5